

Lorenzo Hervás, o celtismo galego e a lenda de Breogán

Lorenzo Hervás, Galician Celticism and the legend of Breogan

Fernando Pereira González

Real Academia Galega

pereirago@yahoo.com.br

Resumo

O artigo analiza as ideas de Lorenzo Hervás y Panduro acerca dos celtas e céntrase especialmente nas súas opinións sobre o asentamento de xentes celtas en territorio galego. Os dous trazos que salientan do celtismo deste autor son a importancia dos datos lingüísticos e o aproveitamento de lendas irlandesas como a de Breogán para construír con elas un relato histórico relativo ás migracións célticas na Antigüidade.

Palabras chave

Lorenzo Hervás y Panduro; Celtas; *Lebor Gabála Érenn*.

Abstract

The aim of this paper is to study Lorenzo Hervás y Panduro's ideas about the Celts, focusing particularly on his opinions about the settlement of Celtic peoples in Galician territory. Two features of his Celticism are highlighted here: the relevance of the linguistic data and the use of gaelic legends to build a historical narrative about ancient celtic migrations.

Key Words

Lorenzo Hervás y Panduro; Celts; *Lebor Gabála Érenn*.

■ Fecha de envío: 18-10-2013 ■ Fecha de aceptación: 29-01-2014

LIMIAR

O xesuíta Lorenzo Hervás y Panduro (Horcajo de Santiago, Cuenca, 1735-Roma, 1809) é un personaxe ben coñecido na actualidade grazas á amplitude da súa obra erudita que abrangue temáticas moi diversas. Exiliado en Italia após a supresión da Compañía de Xesús nos dominios da Coroa española en 1767, alí escribiu e publicou a súa obra máis famosa: os vinte e un volumes da *Idea dell'Universo* (1778-1787), unha vasta compilación de coñecementos na que pretendía incluír a historia da Terra, a historia do individuo e a historia da humanidade, tratando asuntos tan variados como o funcionamento do corpo humano, o sistema planetario, os fenómenos atmosféricos, o Diluvio Universal ou a diversidade das linguas do mundo. Precisamente nos cinco derradeiros volumes da *Idea*, os máis coñecidos e valorados, presentou as súas propostas de clasificación lingüística guiándose de criterios léxicos e gramaticais¹. A partir de 1788 abandonou a publicación da *Idea dell'Universo* e centrou os seus esforzos nunha tradución para o castelán de parte dos volumes en italiano. Porén, a tradución supuxo tamén a reformulación e ampliación dos escritos orixinais. Por exemplo, o único volume italiano do *Catalogo delle lingue conosciute* converteuse nos seis volumes do *Catálogo de las lenguas de las naciones conocidas* (1800-1805), dedicados aos idiomas de América, Oceanía e Europa. Talvez por ese motivo a tradución da parte lingüística da *Idea* ficou incompleta, limitándose unicamente aos seis volumes en castelán do devandito *Catálogo*.

A pesar de os volumes en italiano e en castelán da *Idea* constituíren a parte máis coñecida da produción erudita de Hervás, o xesuíta conquense foi tamén autor de moitos outros traballos de natureza relixiosa, filosófica, política, pedagóxica e histórica. Unha boa parte deles quedaron manuscritos e infelizmente algúns parecen perdidos para sempre. Como era de agardar, toda a obra do xesuíta está caracterizada por unha firme defensa do catolicismo e da autoridade da Igrexa. Cómpre ter en conta que a finalidade esencial da *Idea dell'Universo* era reafirmar a veracidade da visión do mundo defendida pola Igrexa católica, un feito que condicionou as súas ideas acerca da historia da humanidade e das linguas.

Neste artigo quero analizar dous aspectos moi concretos do pensamento histórico-lingüístico de Hervás: en primeiro lugar, a súa opinión favorábel á presenza dos celtas en territorio galego durante a Antigüidade; e seguidamente o seu coñecemento da lenda de Breogán e da tradición irlandesa que afirmaba as antigas conexións entre España e Irlanda. Como pretendo mostrar ao longo destas páxinas, Hervás foi o primeiro autor español que falou do personaxe de Breogán relacionándoo expresamente con Galiza. Alén diso, a súa utilización da lenda de Breogán interpretada dende unha óptica celtista permitiulle achegar argumentos orixinais que quixeron dar novas respostas á cuestión do poboamento da Península Ibérica polos celtas. Mais antes de me ocupar desas dúas

1 Os títulos son os seguintes: *Catalogo delle lingue conosciute e notizia della loro affinità, e diversità* (1784); *Origine, Formazione, Meccanismo, ed Armonia degl'Idiomi* (1785); *Aritmetica delle nazioni conosciute* (1786); *Vocabolario poligloto* (1787); *Saggio pratico delle Lingue* (1787). Todos eles conforman os volumes XVII, XVIII, XIX, XX e XXI da *Idea dell'Universo*. Acerca da relevancia dos traballos lingüísticos de Hervás, e sobre os presupostos, metodoloxía e fontes de información que guiaron o seus estudos, consúltese BATLLORI (1966); BREVA-CLARAMONTE (1991; 2004); COSERIU (1978); TOVAR (1986a; 1986c).

cuestións que constitúen a cerna deste traballo, nos dous apartados que veñen deseguido faise preciso tratar brevemente das ideas de Hervás sobre os celtas e as linguas célticas, dado que iso nos axudará a entender mellor as opinións do xesuíta verbo de Breogán e dos celtas galaicos.

Tendo en conta que a gran maioría das referencias aos celtas se achán nos cinco últimos volumes da *Idea dell'Universo* e nos seis do *Catálogo de las lenguas de las naciones conocidas*, loxicamente a miña exposición das ideas de Hervás estará baseada maiormente nelas, por máis que tamén hei facer referencia a outros dos seus escritos cando for necesario.

OS CELTAS NA OBRA DE HERVÁS

Os celtas ocuparon un lugar destacado dentro dos traballos de temática histórica e lingüística do erudito conquense, quen lles consagrou por enteiro o sexto volume do *Catálogo de las lenguas de las naciones conocidas* (1805), así como un considerábel número de páxinas nos volumes precedentes do *Catálogo* e na parte lingüística da *Idea dell'Universo*. En todo ese espazo que lles dedicou, Hervás non se limitou a tratar só das falas célticas, senón que ademais levou a cabo pescudas de natureza histórica sobre a orixe dos celtas; sobre a súa distribución xeográfica, sinalando as diferentes xentes celtas do pasado e do presente; e acerca de certos aspectos da súa civilización.

É posíbel contextualizar sen moita dificultade este interese polos celtas dentro da variedade temática abranguida na *Idea dell'Universo*. Sabemos que un dos obxectivos da obra foi o de dar conta do relato acerca da Creación e dos primeiros tempos da humanidade, seguindo para iso as liñas marcadas pola Biblia: é dicir, Adán e Eva, o Pecado Orixinal, o Diluvio universal, a división das linguas e das xentes após o episodio de Babel. Precisamente os cinco libros lingüísticos da *Idea* publicáronse xusto despois de dous volumes (o XV e o XVI) nos que se narraban polo miúdo os acontecementos relacionados co Diluvio, con Babel e coa confusión das linguas. De maneira que esta continuidade temática mostraba con claridade que Hervás concibía a diversidade lingüística como unha consecuencia directa deses feitos, de acordo coa explicación ortodoxa. E dado que, para el, a división das linguas se correspondía coa división das xentes –pois cada *nación* debía posuír un idioma de seu–, diso deducía que a orixe dos celtas e da súa lingua debía buscarse naquelas primeiras épocas da historia humana. Enténdese así que o seu interese polos celtas, e por outros pobos antigos, derivase da súa preocupación por demostrar a veracidade da versión cristiá das orixes da humanidade. En verdade que esta explicación bíblica da orixe dos celtas non era ningunha novidade a finais do século XVIII, pois fora a interpretación máis habitual dende que os celtas da Antigüidade acordaran a curiosidade dos eruditos a partir do século XVI. Baseándose nesa liña interpretativa, Hervás aceptou tamén a tradición que facía de Gomer –un dos netos de Noé, consonte o libro da Xénese– o antepasado fundador do pobo celta. Xa que logo, individualizados por posuíren un devanceiro bíblico e un idioma propios, os celtas aparecían como unha *nación* diferenciada dende o momento en que se producira a división da humanidade nos tempos posteriores a Babel.

Este último feito tiña ademais consecuencias importantes para a súa concepción dos celtas. Porque de acordo coa perspectiva “estática” que caracterizaba o pensamento antropolóxico e lingüístico do xesuíta conquense, ao seren os celtas unha *nación primordial* –é dicir, resultante da división orixinal causada por unha decisión divina– eles estaban destinados a perpetuar a súa individualidade, nomeadamente conservando algúns dos seus trazos lingüísticos distintivos que, por ser “naturais”, nunca poderían desaparecer por completo. Compréndese así que Hervás pensase que os franceses actuais eran un pobo céltico, por ser descendentes dos galos celtas da Antigüidade e por conservaren aínda a fonética propia da lingua céltica. E o mesmo podía afirmar doutros pobos europeos descendentes igualmente dos antigos celtas (irlandeses, escoceses, galeses, ingleses, ou as xentes da Italia setentrional).

Á hora de decidir cales eran os pobos que debían incluírse dentro da categoría de “celtas”, el guiouse por criterios históricos e lingüísticos. Por unha banda, os escritores gregos e romanos da Antigüidade fornecéronlle de abondosas informacións acerca daquelas xentes que eles denominaron celtas, galos ou gálatas. Grazas a iso Hervás puido concluír que os habitantes dunha parte da Galia, a actual Francia, foron celtas, ao igual que varios pobos asentados no norte de Italia e en rexións de Alemaña, Bohemia e Asia Menor (Galatia). E polas mesmas fontes soubo dos celtiberos e doutras xentes celtas da Península Ibérica. Por outra banda, a súa clasificación das linguas célticas –da que falarei no seguinte apartado– indicáballe que os poboadores orixinais das illas de Gran Bretaña e de Irlanda foron tamén celtas (britanos, pictos e gaélicos), e mostraba que unha parte dos seus habitantes actuais aínda continuaban a falar algún dos distintos dialectos célticos. Desta maneira, grazas ao emprego de datos lingüísticos, o erudito de Horcajo foi quen de integrar entre os pobos celtas os habitantes de Irlanda e de Gran Bretaña, os cales non se cualificaran expresamente como celtas nas fontes clásicas.

Os escritores da Antigüidade tamén lle serviron a Hervás para coñecer algúns episodios da historia dos celtas e para imaxinar unha parte dos movementos migratorios que os espallaron por grandes extensións do territorio europeo. Concretamente as migracións e conquistas dos celtas da Galia explicaban a presenza de xentes célticas en Gran Bretaña, norte de Italia, terras do Rin e do Danubio, e en Asia Menor. Porén, a diferenza das teorías celtistas que por entón eran habituais, Hervás non quixo facer dos galos os principais protagonistas do seu relato converténdoo no pobo a partir do cal derivarían o resto dos celtas europeos. En troques, el situou o berce dos celtas en Oriente, nas terras próximas ao Ponto Euxino, é dicir, na rexión do Mar Negro. Era esta unha localización que se axeitaba ben coa interpretación bíblica da orixe dos celtas, por estar próxima do escenario onde supostamente se desenvolveran os acontecementos narrados no libro da Xénese. Consonte o relato de Hervás, foi dende ese núcleo oriental que os celtas se espaxaron por Europa mediante sucesivas vagas migratorias que el se esforzou por datar coa maior precisión posíbel: primeiro a dos celtas galos; despois a dos celtas hispánicos; posteriormente a dos celtas irlandeses; e finalmente a dos pictos ou celtas escoceses².

2 *Catálogo IV* (1804, pp. 17-22, 66-67); *Catálogo VI* (1805, pp. 10-18, 36-37).

Agás os celtas galos, que viaxaron por terra, o resto das migracións efectuáronse por mar cruzando o Mediterráneo até chegar aos seus destinos respectivos. De todo isto resultou un orixinal esquema explicativo que pretendeu integrar dentro dunha mesma narrativa histórica os diferentes pobos célticos identificados por el. Ademais esa narración estaba inspirada en varias fontes de información que soubo combinar con habelencia: os textos clásicos, datos lingüísticos e a tradición irlandesa. Seguramente a influencia desta última sexa o trazo de maior orixinalidade da narración de Hervás, como se indicará no último apartado deste artigo.

Mención á parte merecen as súas opinións verbo dos celtas da Península Ibérica. Neste caso defendeu o asentamento en chan hispánico de dúas vagas migratorias sucesivas que ocuparon case todo o litoral occidental peninsular, dende Gibraltar deica o cabo Ortegal, así como unha rexión interior ao redor do río Ebro denominada Celtiberia. Os primeiros en chegar –contra o século XIII BCE (*Before Common Era*)– foron os celtas hispánicos propiamente ditos, seguidos máis de cen anos despois polos celtas irlandeses, quen ficaron vivindo en terras da Galiza durante cinco xeracións antes de marcharen a Irlanda³. Ao insistir en que as dúas vagas de celtas procedían de Oriente e entraran na península por vía marítima, Hervás posicionábase en contra da tese que facía derivar os celtas hispánicos dos celtas da veciña Galia, aínda que esta última explicación contaba co apoio dos textos clásicos e fora a que dominara na historiografía española dende o século XVI, sendo tamén a defendida pola maioría dos historiadores franceses. O seu rexeitamento uníao a outros autores –por exemplo, Manuel Risco e Juan Francisco Masdeu– que ao longo do século XVIII se manifestaran en contra da devandita explicación porque, nunha época de rivalidades políticas e culturais entre España e Francia, eles interpretaron a versión do celtismo francés como unha tentativa de supremacía histórica e cultural, e por tanto consideraron inaceptábel ter que admitir unha ascendencia francesa (gala) para os celtas españois. Porén, a teoría que el defendeu rexeitou igualmente a alternativa de Masdeu que presentaba os celtas en calidade de poboadores orixinais da península xunto cos iberos, o que convertía os celtas en aborixes hispánicos dos que despois descenderon os galos. Contra esta proposta de Masdeu, Hervás reservoulles aos iberos o protagonismo de ser os únicos aborixes da península, e por tanto o privilexio de seren os primeiros e auténticos españois, mentres que ollou nos celtas un pobo foráneo que ocupou unha parte do territorio hispánico habitado orixinariamente polos iberos. Por tanto, as ideas que o escritor conquense mantivo acerca dos celtas hispánicos tiveron un marcado compoñente ideolóxico, algo que tamén se observa entre os seus contemporáneos.

Antes de rematar este apartado hai que dicir que o celtismo de Hervás seguía o ronsel deixado por unha longa tradición europea de estudos verbo dos antigos celtas. Durante o século XVIII o interese polos celtas medrara de xeito considerábel entre os eruditos e anticuarios de toda Europa, principalmente en Francia e Gran Bretaña, aínda que ese interese tamén se manifestou entre a erudición española. Autores como Paul Pezron, Edward Lhuyd, William Stukeley, Simon Pelloutier ou Masdeu, contribuíron a popularizar

3 *Preeminencias, y dignidad, que en la militar orden de Santiago tienen su Prior eclesiástico, y su casa matriz, llamada convento de Santiago de Uclés* (1801, pp. 72-82); *Catálogo IV* (pp. 154-243); *Catálogo VI* (pp. 36-37, 103-132, 209-212).

as pescudas acerca do pasado celta e tamén ofreceron novas perspectivas sobre el, ás veces empregando para iso datos lingüísticos e arqueolóxicos. Hervás coñeceu unha boa parte da tradición celtista anterior e contemporánea, aínda que a miúdo se amosou crítico con ela, nomeadamente no referido á caracterización das linguas célticas, como se verá deseguida no próximo apartado. Da mesma maneira, tamén foi crítico coas teorías máis fantasiosas, propias dunha *celtomanía* que pretendía atribuír aos celtas a orixe de todas as linguas e culturas de Europa⁴.

AS LINGUAS CÉLTICAS

Na actualidade os investigadores coinciden á hora de sinalar a relevancia dos estudos lingüísticos de Hervás, adoito considerados as achegas máis valiosas e duradeiras da súa produción erudita. No que atinxe ás linguas célticas, o trazo máis salientábel do tratamento que lles reservou o xesuíta foi, sen dúbida, o esforzo que fixo para clasificalas consonte criterios léxicos e gramaticais. O resultado foi unha clasificación que a grandes trazos concorda coa que mantén a lingüística actual, aínda que as ideas do xesuíta variaron ao longo do tempo⁵.

Ao igual cá clasificación actual, a de Hervás incluíu inicialmente o bretón, o irlandés, o gaélico escocés, o galés e o manx⁶. Porén, pouco despois, influenciado polas teorías orientalistas do anticuario inglés Charles Vallancey, excluíu da familia céltica o irlandés e os seus derivados (o gaélico escocés e o manx) por consideralos dialectos fenicios⁷. Mais a miraxe orientalista de Hervás non durou moito, pois no derradeiro volume da *Idea dell'Universo* reintegrou de novo o irlandés, o manx e o gaélico escocés dentro da familia celta, aínda que continuou defendendo a opinión de que no irlandés se podía enxergar unha influencia fenicia. Sexa como for, no mesmo volume presentou unha clasificación desa familia lingüística dividida en dous grupos diferenciados: o dos dialectos irlandeses, abrangendo o irlandés, o manx, o gaélico escocés e (erroneamente) o córnico; e o dos dialectos bretóns, incluíndo o cambro-bretón ou galés e o bretón armoricano⁸. Posteriormente no *Catálogo de las lenguas de las naciones conocidas* mantivo a existencia dunha familia celta composta polas mesmas linguas⁹. Para alén destes acertos, dende unha perspectiva actual tamén cometeu erros evidentes. Por exemplo, ao considerar o bretón

4 Por exemplo, *Catálogo* III (1802, pp. 7-9, 115-116) e *Catálogo* VI (pp. 4-10, 325-343). Sobre o celtismo no século XVIII ver FERGUSON (1998, pp. 173-273); GÓMEZ FRAILE (1996); GRELL (1995, pp. 1119-1136); MAS (1990); MORSE (2005, pp. 21-33, 69-87); RIO (2000, pp. 227-326; 2008); SNYDER (1923); SWEET (2004, pp. 119-153).

5 Consúltese HOZ (2004) e TOVAR (1986d). A historia do estudo das linguas célticas con anterioridade ao século XIX trátase en BONFANTE (1956a; 1956b); COLLIS (2003, pp. 34-53); DROIXHE (1978, pp. 51-156; 1996; 2002); LAMBERT (1987); MORGAN (1973/1974); MORSE (2005, pp. 21-33); POPPE (1986; 1992); RIO (2000, pp. 198-223, 276-311); TOURNEUR (1905); WILLIAMS (1973/1974).

6 *Catálogo delle lingue conosciute* (pp. 174-176).

7 *Origine, Formazione, Meccanismo, ed Armonia degli Idiomi* (pp. 83-90). Verbo do orientalismo de Vallancey véxase LEERSEN (1986); LENNON (2004, pp. 88-102; 2005); O'HALLORAN (2004, pp. 41-70). Alén da lectura das obras de Vallancey, Hervás tamén se familiarizou coas teorías do anticuario inglés a través dunha correspondencia persoal con el.

8 *Saggio pratico delle Lingue* (pp. 203-207).

9 *Catálogo* I (1800, pp. 48-50); *Catálogo* VI (pp. 207-230).

un idioma derivado da fala dos galos celtas ou na explicación de diversos topónimos. Ademais el coidou que todas as linguas celtas actuais eran dialectos dun idioma céltico orixinal xurdido após a confusión de Babel. Mais non esquezamos que Hervás escribía antes do nacemento da moderna disciplina da lingüística céltica e que o estudo desas linguas nunca foi a súa prioridade.

Así como era necesario establecer cales eran os idiomas que formaban parte da familia céltica, ao mesmo tempo tamén cumpría determinar con claridade cales ficaban fóra dela, dado que as confusións ao respecto eran moi frecuentes nas obras eruditas dedicadas a tratar do parentesco entre as linguas. Criticou especialmente a pretensión de relacionar entre si o euskara e as falas célticas, facendo do primeiro un dialecto celta ou celtibero. En troques el insistiu en que o euskara fora o idioma propio dos iberos e por tanto a primeira lingua que se falou orixinariamente en toda a Península Ibérica. Para Hervás, o céltico e o vasco-ibérico eran dúas linguas “matrices” nadas en Babel e totalmente diferentes no léxico, na pronuncia e mais na estrutura gramatical. Outras hipóteses que emparentaron as linguas celtas coas xermánicas ou co hebreo mereceron así mesmo o xuízo negativo do xesuíta. En varios volumes do *Catálogo de las lenguas de las naciones conocidas* realizou unha valoración crítica das diferentes teorías que os eruditos europeos propuxeran acerca da caracterización dos idiomas célticos, sen dúbida coa finalidade de xustificar mellor as súas propias opinións¹⁰.

A considerábel distancia que existiu entre a clasificación do erudito conquense e as ideas doutros autores españois do XVIII verbo das linguas celtas faise evidente ao sabermos que Gregorio Mayans emparentou o idioma céltico coa fala dos iberos e interpretou as dúas como posibles dialectos do púnico ou cartaxinés; ou que Manuel Risco e Juan Francisco Masdeu creron atopar no euskara actual un vestixio da fala dos celtas doutrora, unha opinión que se complementaba coa tese do xesuíta vasco Manuel Larramendi, para quen o idioma dos antigos celtas foi un dialecto do euskara¹¹.

Non debemos esquecer que Hervás non foi o primeiro en defender unha clasificación da familia céltica que reunía as falas gaélicas e britónicas. Antes ca el xa a propuxera o galés Edward Lhuyd na súa *Archæologia Britannica* (1707), auténtica obra fundacional da lingüística céltica. A pesar de que as opinións de Lhuyd puideron exercer algunha influencia na clasificación do erudito conquense, o certo é que resulta difícil atopar na extensa obra deste algún indicio claro que demostre a existencia dun influxo directo. É moi probable que Hervás coñecese as ideas do autor galés sobre a relación entre os distintos idiomas celtas, aínda que só fose a través de referencias indirectas lidas en traballos lingüísticos que consultou con frecuencia, como por exemplo o dicionario irlandés-inglés de John O’Brien¹². En xeral, para se familiarizar coas linguas célticas, o xesuíta tirou

10 *Catálogo* I (pp. 48-52, 55-59); *Catálogo* III (pp. 7-9, 115-116); *Catálogo* VI (pp. 191-205, 231-236).

11 Larramendi, *Diccionario trilingüe del castellano, bascuence, y latin* I (1745, pp. CCV-CCXII); Masdeu, *Historia Crítica de España, y de la cultura española* II (1784, pp. 80-86, 154-155); Mayans, *Orígenes de la lengua española* I (1737, pp. 81-82); Risco, *España Sagrada* XXXII (1779, pp. 12-13).

12 Das catro mencións seguras a Edward Lhuyd que se achan na obra de Hervás, unha delas está contida na transcripción dunha carta de Vallancey destinada ao xesuíta e as outras tres proceden de referencias tiradas do dicionario de John O’Brien: *Origine, Formazione, Meccanismo, ed Armonia degl’Idiomi* (p. 86); *Catálogo* V (1804, p. 217); *Catálogo* VI (pp. 126, 138). Cf. O’Brien, *Focalóir Gaoidhilge-Sax-Bhéarla or An Irish-English Dictionary* (1768, pp. I-XIV, 44-45).

partido de varias obras que xa foran publicadas con anterioridade, en especial o dicionario de O'Brien e a gramática irlandesa de Charles Vallancey. Mais tamén tivo acceso a materiais manuscritos que ás veces lle forneceron os falantes nativos dalgún idioma céltico cos que estivo en contacto¹³.

Outro aspecto salientábel do tratamento das linguas célticas foi o seu interese por fixar un *corpus* de antigos topónimos que servisen para delimitar a extensión do poboamento céltico en Europa. A modo de principais testemuños de toponimia celta el identificou tres voces: *magó*, *duno* e *duro*, que traduciu respectivamente como “chaira”, “outeiro/poboación fortificada” e “auga”, consonte o dicionario irlandés de O'Brien. Recollendo dos textos clásicos numerosos exemplos de topónimos que incorporaban algunhas desas tres voces e localizando logo eses antigos nomes na xeografía actual, Hervás foi quen de deseñar a grandes trazos as terras ocupadas polas xentes celtas que noutrora se estenderan por Portugal, España, Gran Bretaña e Irlanda, Francia, Bélxica, Suíza, Austria e o norte de Italia¹⁴. Con todo, nesa relación de toponimia céltica faltou o característico *briga*, xa que el coidou que esta era unha voz vasco-ibérica relacionada co euskara *hiri*, “poboación” e *ur*, “auga”. Neste caso concreto, a tendencia vasco-iberista do xesuíta e a influencia dunha tradición historiográfica hispánica que vía en *briga* unha palabra propia dos antigos españois, tiveron máis peso cás opinións de varios autores europeos que afirmaran a celticidade dese elemento toponímico. Aínda así, nos últimos volumes do *Catálogo de las lenguas de las naciones conocidas* admitiu que algúns topónimos con *briga* puideron ser o resultado da evolución de voces particulares dos celtas (*aber*, *brix* ou *brī*)¹⁵.

Coñecendo a grande extensión que lle asignou ao poboamento céltico, non é estraño que chegase a se convencer de que as linguas celtas eran unha ferramenta imprescindíbel para pescudar na historia antiga de Europa. El mesmo deu algúns pasos nese sentido ao empregar o irlandés, e en menor medida o galés, para interpretar unha parte da antiga onomástica céltica. Así e todo, no caso da Península Ibérica o suposto idioma dos iberos, o euskara, foi a súa referencia principal, aínda que tamén tivo en conta o céltico. Por iso encetou o labor de compilar antigos topónimos hispánicos, entre os cales diferenciou os de ascendencia vasco-ibera e aqueles de orixe celta, para así precisar que zonas recibiran poboación celta e cales conservaran os seus habitantes iberos orixinais. E Galiza foi unha das terras peninsulares onde Hervás descubriu testemuños lingüísticos celtas sobrepostos a unha camada toponímica anterior vasco-ibera, o que para el constituía proba irrefutábel do poboamento céltico dunha parte do noso país nos tempos antigos.

13 BATLLORI (1966, pp. 210, 221, 251, 259-260). O que escribiu no *Saggio pratico delle Lingue* acerca das linguas celtas (pp. 203-207) baseábase esencialmente na gramática irlandesa de Charles Vallancey, *A Grammar of the Ibero-Celtic, or Irish Language* (2ª ed., 1782).

14 *Vocabulario poligloto* (pp. 16-18); *Catálogo VI* (pp. 313-325).

15 *Catálogo delle lingue conosciute* (p. 224); *Vocabulario poligloto* (pp. 14-16); *Preeminencias* (pp. 73-74); *Catálogo IV* (pp. 231-234); *Catálogo V* (pp. 142-149, 154-157); *Catálogo VI* (pp. 289-292, 303-311). A *vascofilia* de Hervás está tratada en ASTORGANO ABAJO (2002/2004) e TOVAR (1986b; 2007, pp. 147-158).

OS CELTAS DA GALIZA

A finais do século XVIII non era ningunha novidade falar dos celtas que habitaran no noroeste hispánico durante a Antigüidade. Dende o século XVI en adiante os historiadores e anticuarios españois referíronse con frecuencia á presenza dos celtas no espazo galaico, apoiándose para iso nas noticias que transmitiran algúns escritores gregos e romanos acerca dos *keltikoí* ou *celtici* das terras do noroeste. Mesmo na propia historiografía galega fixérase habitual a partir do século XVII integrar os celtas dentro dunha narración que tiña como finalidade dar conta do devir histórico do reino de Galiza. Ademais durante o XVIII dous importantes eruditos galegos, frei Martín Sarmiento e Joseph Cornide, comezaron a tirar partido dos testemuños lingüísticos para dexergar a través deles a pegada deixada polos celtas dentro do territorio galego¹⁶.

Resulta patente na súa obra que o abade de Horcajo estivo familiarizado co que escribiron acerca dos celtas do noroeste algúns autores anteriores e coetáneos, nomeadamente Florián de Ocampo e Juan Francisco Masdeu. Mais non puido coñecer as opinións de Sarmiento e de Cornide verbo dos celtas galaicos, nin tampouco as mostras de celtismo galego do século XVII, pois se encontraban en manuscritos que estaban fóra do seu alcance. En liñas xerais evidéncianse na obra de Hervás algunhas concordancias coa tradición celtista xa existente, feito este que se debía a que el tirou proveito das mesmas fontes de información (os textos clásicos) usadas polos seus predecesores. Enténdese así que coincidise con eles á hora de explicar a entrada dos celtas en chan galego como o resultado dunha migración de xentes célticas efectuada dende as terras do suroeste peninsular. Ou que tamén mencionase entre os pobos celto-galaicos as agrupacións dos presamarcos, tamaricos, nerios e ártabros ou arotrebas. Como é ben sabido, todas esas informacións procedían das noticias transmitidas por Estrabón, Plinio e Pomponio Mela. Porén, as opinións de Hervás sobre os celtas galaicos presentan algúns trazos orixinais que son de grande interese dentro da historia do celtismo español. Xustamente son eses trazos singulares os que quero pór de relevo nas páxinas que seguen.

En primeiro lugar cómpre falar da súa peculiar hipótese sobre a chegada dos celtas ao noroeste hispánico¹⁷. A pesar de que aceptou a explicación máis frecuente obtida de Estrabón, que daba conta da marcha dos *keltikoí* meridionais a través de terras portuguesas e do asentamento destes na costa galega, na contorna do cabo Nerion (Fisterra), en realidade non foi esta a única entrada dos celtas que el imaxinou para Galiza. En troques, no *Catálogo de las lenguas de las naciones conocidas* concibiu a existencia de dúas migracións célticas. Consonte esta teoría, os primeiros celtas que chegaron á península contra o século XIII BCE –os celtas hispánicos propiamente ditos– ocuparon a rexión abranguida entre Gibraltar e Cádiz, e dende alí espalláronse por terras de Andalucía, Extremadura, Portugal e noreste de Castela (Celtiberia), habitando tamén nunha parte

16 PEREIRA GONZÁLEZ (2003; 2004).

17 *Saggio pratico delle Lingue* (pp. 41-44, 49-50); *Preeminencias* (pp. 75-80); *Catálogo* IV (pp. 176-177, 180-190, 198-199, 202-206, 238-239); *Catálogo* V (pp. 58-63); *Catálogo* VI (pp. 36-37, 103-106). Antes ca Hervás, xa frei Martín Sarmiento concibira o asentamento dos celtas na Galiza mediante sucesivas vagas migratorias. Porén, o xesuíta conque non coñeceu estas opinións do bieito galego.

do litoral galego após cruzaren o río Limia procedentes do norte de Portugal. Estes serían os *keltikoi* meridionais instalados ao redor do cabo Nerion aos que se referira Estrabón. Tempo despois, no século X BCE, outros celtas –os celtas irlandeses– asentáronse exclusivamente en territorio galego. Alí residiron durante case douscentos anos, até que a gran maioría deles decidiu marchar a Irlanda para evitar as continuas guerras contra os iberos, as xentes aborixes do noroeste. As dúas migracións procedían de Oriente, do Ponto Euxino, e as dúas viñeron por mar cruzando o Mediterráneo. Con todo, Hervás non elaborou de maneira sistemática unha explicación acerca da temporalización das dúas vagas migratorias e da posíbel relación entre elas. Nunha ocasión deu a entender que os primeiros celtas que viñeron a Galiza foron os celtas irlandeses no século X e que máis tarde os celtas meridionais cruzaron o Limia, talvez para axudar aos seus compatriotas a loitar contra os iberos indíxenas. Porén, esta solución non a desenvolveu polo miúdo e non a tivo en conta outras veces que falou dos celtas galaicos. Nin tampouco se esforzou por determinar a cal das dúas migracións pertencían as diferentes agrupacións célticas que el individualizou no chan galego e que se estendían ao longo do litoral, dende o Miño deica o cabo Ortegal. Mais sempre negou a posibilidade de que os celtas habitasen en toda Galiza e fosen os seus poboadores orixinais, como propuxera Masdeu. Pola contra, Hervás teimou na opinión de que os celtas eran xentes foráneas e asegurou que os primeiros habitantes do noroeste e do resto da península foran os iberos, quen seguiron residindo en todo o territorio galego logo de chegar os celtas e após a marcha da maioría destes a Irlanda.

É importante salientar que a idea da vinda dos celtas irlandeses a Galiza non formaba parte da tradición celtista anterior e que el foi o primeiro en defendela grazas a que estivo familiarizado con algunhas lendas históricas irlandesas. Este coñecemento da tradición gaélica constitúe outro aspecto orixinal do celtismo de Hervás, quizais o máis destacado, e por iso merecerá ser tratado con meirande detalle no apartado seguinte.

Un terceiro trazo particular ten que ver coa individualización dunha toponimia céltica dentro da xeografía galega. Algúns dos nomes antigos e modernos que el sinalou como celtas foron Bretoña, Coruña, Miño, Lethes, Tamaris, Ciline/Cilenæ, e a propia denominación do país. É certo que nos derradeiros anos do XVIII isto non era algo totalmente novo, pois tanto Sarmiento como Cornide xa sinalaran diversos nomes de lugar que consideraron de ascendencia celta. Emporiso, a novidade achegada polo erudito conquense foi a súa vontade de interpretar o significado dos supostos topónimos célticos mediante o idioma irlandés, algo que fixo guiándose polo dicionario gaélico-inglés de John O'Brien. Foi así que explicou a etimoloxía da voz Miño a partir da palabra gaélica *min*, “chaira” ou “pequeno”; a de Lethes –é dicir, o río Limia– por medio do irlandés *léthe*, “brancura”, en referencia á presunta cor das augas do río; a de Cilini/Cilenæ pola voz *cillín*, “mortal”; namentres que puxo en relación o nome da Coruña con varias palabras irlandesas (*cruinn*, *cruinne*, *cruinnim* ou *cruinnioc*), a pesar de que finalmente non se decidiu por dar ningunha solución concreta. Canto ao nome de Galiza/Galicia, nos últimos volumes do *Catálogo de las lenguas de las naciones conocidas* derivouno do irlandés *cale*, “porto” ou “paso”, a través de Callecia, a hipotética denominación orixinal do noroeste peninsular. Outras veces, porén, ofreceu unha explicación diferente ao relacionalo cos galos celtas e

coas voces irlandesas *gal* e *galach*, “valor”. En todos os exemplos mencionados Hervás usou o mesmo método para asignar unha etimoloxía celto-irlandesa a eses topónimos galegos: é dicir, a procura nas páxinas do dicionario de O’Brien daqueles termos gaélicos que presentaban unha semellanza aparente con cada topónimo, sen cuestionar se esa semellanza indicaba un parentesco real entre eles e sen se decidir a adoptar ningunha solución concreta cando o dicionario achegaba varias palabras moi parecidas entre si con diferentes acepcións, como fixo no caso das etimoloxías de Miño e Coruña¹⁸. Está claro que os dous presupostos que xustificaban a conexión entre os topónimos galegos e as voces irlandesas correspondentes eran que os primeiros podían considerarse nomes célticos (por se encontraren en terras habitadas noutrora polos celtas), e que o irlandés era unha lingua celta (o máis puro dos dialectos celtas, consonte Hervás). Hai que dicir que o xesuíta tamén tirou partido do idioma irlandés para identificar outros testemuños de onomástica céltica en Europa, o cal implicaba unha lectura atenta do dicionario de O’Brien en busca das claves lingüísticas que lle permitisen interpretala.

Finalmente, a última peculiaridade que nos mostra o seu tratamento do ámbito céltico galaico tiña tamén unha dimensión lingüística, posto que se refería á posibilidade de descubrir pegadas da fala dos antigos celtas nos idiomas galego e portugués actuais. Malia que Hervás non desenvolveu esta idea de maneira sistemática, nin deu moitos detalles acerca da natureza desas pegadas, resulta posíbel coñecermos a grandes trazos as súas opinións ao respecto grazas a unhas poucas afirmacións espalladas aquí e acolá polos seus escritos. Sabemos así que as pegadas podían materializarse no léxico de ambos os idiomas. Foi no *Saggio pratico delle Lingue* onde asegurou non dubidar de que o portugués e o galego conservaban bastantes palabras célticas, citando como exemplo as voces portuguesas *minino* e *cheirar*, sen que apuntase, porén, que eses termos existían tamén no galego. Esta supervivencia non constituía un caso único dentro do ámbito hispánico, pois, segundo el, voces célticas tamén se achaban no castelán (*cerveza*, *conejo*, *viril*, *horca*). Mais o influxo céltico no galego e no portugués descubríase principalmente en fenómenos de tipo fonético. Por exemplo, el atribuíu a abundancia de ditongos no portugués (sen mencionar a mesma característica presente no galego) á influencia da pronuncia da antiga lingua céltica. Ademais en varias ocasións Hervás invocou a permanencia dun substrato lingüístico céltico para explicar a diferenza significativa que existía entre os trazos fonéticos do portugués e do galego respecto da pronunciación castelá. De acordo con esa explicación, a particularidade dos primeiros debíase á conservación do acento propio da fala dos celtas, o cal afectou á evolución do dialecto latino adoptado en terras lusas e galaicas; namentres que a pronuncia castelá mantivo as peculiaridades do idioma vasco-ibero dos primitivos españois. Aínda se podería argumentar que para o xesuíta a conservación do *f* inicial latino no galego e no portugués –*facер*, *fillo*, *fariña*, etc.– sería outra mostra máis de influencia céltica neles, ao dicir Hervás que o son inicial do *f* foi un trazo que os latinos adoptaron dos celtas e que logo desapareceu no

18 *Saggio pratico delle Lingue* (pp. 42-48); *Catálogo I* (pp. 22, 56); *Preeminencias* (pp. 77-78); *Catálogo IV* (pp. 200-201, 207-209, 223-231); *Catálogo VI* (pp. 34, 123-124, 209-212, 249-250). Cf. O’Brien, *Focalóir Gaoidhilge-Sax-Bhéarla* (pp. 79, 96, 142, 270, 323, 349).

castelán ao non existir ese son na fala dos iberos. Porén, neste caso a conexión entre esa singularidade galego-portuguesa e a posíbel herdanza céltica unicamente ficou implícita nas palabras do autor, pois só comentou a desaparición do son *f* no castelán e non o seu mantemento no galego. De todos os xeitos, o realmente importante é que Hervás atribuíu con toda claridade certas características propias do galego e do portugués á permanencia neles dun substrato lingüístico celta que resultara da antiga ocupación céltica dalgunhas zonas da Galiza e da meirande parte de Portugal¹⁹. É verdade que Sarmiento e Cornide descubriran no idioma galego actual unhas poucas palabras de ascendencia celta. Mais ningún destes dous grandes eruditos chegou a imaxinar a existencia dun substrato céltico que deixaría unha pegada fonética visíbel cando o latín do noroeste se transformou no romance galego-portugués.

Tendo en conta a escasa relevancia e a pouca orixinalidade das opinións dos anticuarios españois precedentes verbo dos celtas galaicos, e sabéndonos que o achegamento máis novidoso ao asunto por parte de Sarmiento e de Cornide ficou escurecido por se presentar en escritos que nunca saíron do prelo, a importancia das páxinas que Hervás dedicou ao poboamento celta da Galiza na súa obra publicada resulta evidente, tanto pola extensión que ocuparon como pola orixinalidade de moitas das ideas que contiñan.

BREOGÁN E A TRADICIÓN IRLANDESA

Dende o século XVI en adiante foron aparecendo na historiografía española noticias sobre as relacións entre España e Irlanda nas que se afirmaba que xentes españolas poboaran a illa en tempos moi recuados. Esta idea xa estaba presente na tradición irlandesa medieval, principalmente no texto coñecido como *Lebor Gabála Érenn*, ou Libro da Conquista de Irlanda, onde se narra o paso dos gaélicos dende a Península Ibérica até Éire e se daba conta dos diversos personaxes que protagonizaran ese acontecemento: Brath, o conquistador de toda España; Breogán, fillo de Brath, e o fundador en España da cidade de Brigantia e da Torre de Breogán, dende o cume da cal o seu fillo Ith albiscou a illa de Irlanda; e tamén o neto de Breogán, Milidh, e os seus fillos que finalmente se apoderaron da illa. Ecos esvaecidos desas lendas gaélicas podémolos achar nas noticias transmitidas por algúns historiadores e anticuarios españois da época moderna, algo que sen dúbida se explica polos frecuentes contactos que houbo entre os irlandeses e a Coroa española dende o século XVI por motivos políticos e relixiosos. Emporiso, en ningún deses autores había mencións directas a Breogán, aínda que uns poucos –entre os que se contaba o coruñés Joseph Cornide– se referiron a el baixo a denominación de Brigo, identificando así o personaxe gaélico cun dos míticos monarcas hispánicos inventados a finais do século XV por Annio da Viterbo²⁰.

19 *Saggio pratico delle Lingue* (p. 46); *Escuela Española de Sordomudos II* (1795, p. 263); *Catálogo I* (p. 22); *Preeminencias* (pp. 81-82); *Catálogo V* (pp. 248-252); *Catálogo VI* (pp. 105-106, 184, 212, 283-289).

20 Véxase PEREIRA GONZÁLEZ (2005; 2006), así como a bibliografía citada neses dous artigos.

En realidade foi Lorenzo Hervás o primeiro escritor español que mencionou expresamente a Breogán e que falou del e dos outros personaxes que aparecían nas lendas onde se relataba a migración dos gaélicos a Irlanda dende España. Fíxoo primeiro na súa obra en italiano, nos volumes XVII (*Catalogo delle lingue conosciute*) e XXI (*Saggio pratico delle Lingue*) da *Idea dell'Universo*. E despois continuou falando deles máis polo miúdo dentro dos volumes IV e VI do *Catálogo de las lenguas de las naciones conocidas*. Por este motivo o abade de Horcajo merece ocupar un lugar senlleiro na historia da recepción da tradición irlandesa en España, por máis que a súa influencia real para favorecer o coñecemento desta na Galiza sexa máis dubidosa, como se verá ao final deste traballo. Nas liñas que seguen analizarei os aspectos máis significativos do seu tratamento da figura de Breogán e doutros elementos das lendas gaélicas²¹.

Para comezar hai que dicir que o uso que fixo da tradición lendaria irlandesa estivo limitado a aqueles sucesos e personaxes que gardaban relación cun contexto hispánico: é dicir, dende a entrada dos gaélicos en España dirixidos por Brath, o pai de Breogán, até a marcha destes para conquistar Irlanda comandados polos fillos de Milidh. Para Hervás era importante lembrar eses acontecementos, pois atinxían á Historia antiga de España. E Breogán era un dos protagonistas desa historia, aínda que non un dos máis importantes. A dicir verdade, no relato do xesuíta a súa relevancia era reducida en comparación co seu pai Brath ou co seu neto Milidh. De calquera xeito, o feito que interesa destacar aquí é que, na opinión do abade conquense, tanto Breogán como Brath, Milidh e Ith, eran personaxes reais, e reais foron tamén os sucesos que protagonizaran no pasado. Enténdese así que procurase ofrecer unha datación o máis exacta posíbel para todos eles, esforzándose en sincronizar os personaxes da lenda gaélica con determinadas figuras bíblicas, por máis que os seus cálculos non sempre coincidiron. Nunha ocasión fixo de Breogán un coetáneo do rei David, situándoo cronoloxicamente a comezos do século XI BCE e fixando a marcha dos gaélicos a Irlanda nos últimos anos da centuria seguinte. Porén, noutra ocasión falou do pai de Breogán, Brath, como contemporáneo do rei David no século X BCE e datou a migración a Irlanda no século VIII BCE. Cómpre sinalar que ningunha destas dúas posíbeis datacións tiñan en conta a temporalización do relato irlandés, onde a conquista da illa tiña lugar inmediatamente despois da morte do fillo de Breogán, Ith, e non varias xeracións despois como insinuaba Hervás. Por outra parte, a correlación coa Historia bíblica non tiña como única finalidade a datación dos feitos e dos personaxes da tradición irlandesa, senón que a autoridade indiscutíbel que para Hervás tiña o relato bíblico facía que esas supostas coincidencias cronolóxicas servisen a maneira de proba demostrativa da veracidade histórica desa tradición.

Ora ben, Hervás non se contentou só con afirmar a historicidade das lendas gaélicas e con invocalas para lembrar as antigas conexións entre España e Irlanda. Precisamente o aspecto máis interesante do seu emprego da lenda de Breogán, Ith e Milidh, foi que a transformou nun relato histórico acerca da migración a Irlanda das xentes celtas que

21 *Catalogo delle lingue conosciute* (pp. 176-177, 224-225); *Saggio pratico delle Lingue* (pp. 44-45, 49-53); *Catálogo IV* (pp. 196-220); *Catálogo VI* (pp. 106-132, 149-167). O lingüista José Luís Pensado foi quen primeiro sinalou a presenza da lenda de Breogán nos escritos de Hervás. Ver PENSADO (1991).

noutrora viviran nunha parte do chan galaico, convertendo esas figuras fabulosas nunha segunda vaga de pobos célticos –os celtas irlandeses– asentados na Península Ibérica contra o século X BCE. Ademais nalgunha ocasión identificou os celtas que pasaran a Éire dende a costa galega co pobo dos brigantes, aproveitando a oportunidade que lle ofrecía a evidente semellanza existente entre o nome da poboación galaica de Brigantia –citada nas fontes grecorromanas e mencionada tamén no *Lebor Gabála* como a cidade fundada por Breogán en España– e o nome das xentes brigantes que habitaron nas illas de Irlanda e de Gran Bretaña de acordo cos autores clásicos.

Cómpre salientar que a transformación dos protagonistas da lenda de orixe dos gaélicos –e, xa que logo, das figuras de Brath, Breogán ou Milidh– en celtas era unha novidade bastante recente a finais do XVIII. O certo é que dende a Idade Media os gaélicos se consideraban a si mesmos xentes de ascendencia escítica e descendentes de Magog, o devanceiro bíblico dos escitas. A caracterización dos gaélicos como celtas foi unha idea defendida no XVIII por algúns eruditos irlandeses, en especial por Charles O’Conor na súa obra *Dissertations on the Antient History of Ireland* (1753). Tamén a aceptou nun principio Charles Vallancey, aínda que este autor posteriormente emparentou os gaélicos cos fenicios e con outras xentes orientais. Como xa dixen antes, o propio Hervás deixouse levar durante un tempo polas andrómenas orientalistas de Vallancey. Mais finalmente optou por facer dos irlandeses un pobo céltico porque así o demostraba o seu idioma, e talvez influenciado polas opinións de O’Conor, pois o xesuíta coñecía as *Dissertations on the Antient History of Ireland* dende comezos da década de 1780²². A insistencia na ascendencia celta dos gaélicos estaba destinada a contrarrestar a idea, habitual na historiografía precedente, de os irlandeses descenderen dos españois. A xuízo de Hervás esa era unha opinión errónea, pois os datos lingüísticos amosaban que os irlandeses eran celtas, e non descendentes dos iberos de fala éuscara, que para el eran os auténticos españois.

Por tanto, grazas ao aproveitamento da tradición gaélica interpretada dende unha óptica celtista, Hervás foi quen de afirmar a existencia dunha segunda vaga migratoria de celtas procedentes de Oriente que se asentaron no noroeste peninsular, a maioría dos cales, transcorridas varias xeracións, cruzaron o mar para vivir en Irlanda. Ademais esa mesma tradición suxeriu a teoría de que o berce dos celtas debía procurarse no Ponto Euxino, a rexión oriental dende a cal saíran as sucesivas migracións célticas que se espallaron por Europa, porque o relato sobre a Historia dos irlandeses situaba precisamente alí o lugar de orixe dos gaélicos. Nestes e noutros detalles o celtismo do erudito de Horcajo diverxía completamente das outras manifestacións de celtismo hispánico existentes até entón. E moi especialmente das teses do seu compañeiro de Orde relixiosa, Juan Francisco Masdeu, quen viña defendendo a opinión de os celtas e os iberos seren os dous pobos autóctonos de España. Hervás, quen era moi consciente das súas desavinzas coas que el denominaba “modernas ideas del gran celtiberismo”, insistiu en que os celtas

22 Nas *Dissertations*, O’Conor presentou os antigos gaélicos como celto-escitas que pasaron a Irlanda dende a Península Ibérica e mencionou a Breogán, Ith e Milidh entre os personaxes relacionados con esa migración. Cf. *Dissertations on the Antient History of Ireland* (1ª ed. 1753, pp. 10-34, 106-111, 167-170, 178; 2ª ed. 1766, pp. 9-28, 141-145, 177). Hervás citou por primeira vez as *Dissertations* no *Catalogo delle lingue conosciute* (pp. 177-178). No volume II da *Historia de la vida del hombre* destacou as achegas do erudito O’Conor ao coñecemento da historia irlandesa (1789, p. 264).

non eran españois, senón forasteiros chegados dende Oriente. Masdeu, pola súa parte, tamén foi moi crítico coas teorías do conquense, chegando a lle reprochar que dese fe a un “papelillo irlandés”, é dicir, ás fábulas gaélicas contidas en manuscritos medievais que para el tiñan moi escasa fiabilidade (ou que quizais eran falsos documentos forxados recentemente), no canto de se cinguir aos textos clásicos que, no parecer de Masdeu, eran as únicas fontes fiábeis para estudar as épocas antigas e onde nada se dicía de supostas viaxes marítimas dos celtas a España e a Irlanda²³.

Resulta obvio que Masdeu e Hervás disentían totalmente á hora de avaliar a credibilidade da tradición irlandesa. Para Masdeu, esta non tiña ningún valor comparada coa Biblia ou con Herodoto, Polibio, Estrabón e outros escritores da Antigüidade. Pola contra, segundo o parecer de Hervás, a irlandesa era a única nación europea que podía gabarse de posuír a información menos fabulosa acerca da súa Historia antiga, xa que todos os vellos manuscritos que transmitían noticias relativas a ese pasado concidían basicamente entre si. É certo, admitía, que aquí e acolá se introduciran algunhas fábulas no relato das orixes. Mais iso non anulaba a validez da cerna histórica que se podía obter desa tradición: a saber, o periplo dos celtas irlandeses dende o Ponto Euxino deica o noroeste hispánico e dende alí até Éire. Ademais a súa credibilidade ficaba reforzada no momento en que o xesuíta podía mostrar a sincronía existente entre as xenealoxías gaélicas e as hebreas, ou ben era quen de sinalar os paralelismos onomásticos que se descubrían no territorio galaico e en Irlanda (Ierno/Ierna, Durius/Dur, Brigantia/brigantes, lucenses/luceni). Polo demais, tendo en conta que na época en que escribía Hervás a autoridade da Biblia seguía a ser case indiscutíbel, ou que os eruditos se esforzaban por atopar anacos de verdade histórica dentro da mitoloxía grega, non nos debe estrañar que el quixese facer o mesmo coas lendas gaélicas. No fin de contas, se Perseo ou Herakles podían ser figuras históricas, por que non poderían selo tamén Breogán e Milidh?

Outra cuestión de interese é a das fontes de información que usou para coñecer a tradición lendaria irlandesa. Dúas foron as vías polas que puido acceder a ela. A primeira foron as comunicacións persoais que lle transmitiron por carta dous eruditos coñecedores da historia de Irlanda: o anticuario inglés Charles Vallancey; e o abade Charles O’Conor, neto do autor das *Dissertations on the Antient History of Ireland*. Algunhas das noticias que eles lle comunicaron podémolas atopar referidas nas páxinas dos libros escritos por Hervás. A segunda fonte de información, e seguramente a máis importante, foi a lectura de certos libros acerca da Historia antiga irlandesa publicados ao longo dos séculos XVII e XVIII que contiñan abondosas referencias ás lendas relativas aos primeiros poboadores da illa. Por exemplo, as xa citadas *Dissertations* de O’Conor ou varias obras da autoría de Vallancey. En concreto as noticias sobre a lenda de Breogán, Ith e Milidh teñen maiormente unha mesma procedencia: o libro de Charles Vallancey, *A Vindication of the Ancient History of Ireland* (1786), onde este autor reinterpretaba as lendas procedentes do *Lebor Gabála Éirenn* á luz das súas particulares teorías orientalistas. A pesar de que co paso dos anos Hervás se foi distanciando das especulacións histórico-etimolóxicas de

23 Masdeu, *Historia Crítica de España, y de la cultura española XX* (1805, pp. 460-476). Masdeu censuraba aquí as teses de Hervás expostas en *Preeminencias* (pp. 42-106, especialmente pp. 72-82).

Vallancey, chegando mesmo a criticalas abertamente, o libro devandito foi a súa referencia fundamental á hora de narrar a historia da chegada dos celtas irlandeses a Galiza e a posterior viaxe até Éire. De feito, tanto no *Saggio pratico delle Lingue* como nos volumes IV e VI do *Catálogo de las lenguas de las naciones conocidas*, Hervás traduciu de maneira case literal -para o italiano primeiro, e para o castelán despois- varias páxinas de *A Vindication of the Ancient History of Ireland*, precisamente aquelas onde se contaba a historia dos gaélicos dende a súa entrada en España con Brath até a morte de Ith e a marcha dos fillos de Milidh para conquistar a illa. Xa que logo, está claro que o material fornecido por Vallancey resultou de vital importancia para a recepción e o uso das lendas gaélicas por parte de Hervás. Hai que dicir, porén, que o xesuíta se limitou unicamente a traducir os fragmentos nos que se relataban eses acontecementos, sen que tirase partido ademais das interpretacións que Vallancey engadira ao respecto²⁴.

A pesar de que Hervás pretendía que os fragmentos traducidos por el do libro de Vallancey procedían dun manuscrito moi antigo, en realidade o texto de Vallancey só derivaba de modo indirecto da tradición medieval, pois dependía en gran parte da tradución inglesa dunha obra escrita en gaélico no século XVII: *Foras Feasa ar Éirinn* de Geoffrey Keating (circa 1634). Keating foi un bo coñecedor da tradición gaélica e puido consultar diversos documentos antigos, de tal xeito que o seu relato sobre a historia da Irlanda pre-cristiá era basicamente unha repetición das lendas do *Lebor Gabála Érenn*. Malia que a versión orixinal en gaélico circulou só de forma manuscrita, a obra foi ben coñecida e apreciada en Irlanda durante as décadas seguintes. En 1723 saíu do prelo unha tradución inglesa da obra, da autoría de Dermot O'Connor, baixo o título de *The General History of Ireland*. Esta tradución foi a que aproveitou Vallancey para incluír en *A Vindication of the Ancient History of Ireland* varios capítulos que facían referencia aos primeiros tempos da Historia irlandesa, incluído o episodio da migración dos gaélicos dende España a Irlanda, aínda que o anticuario inglés non sempre seguiu de maneira literal o texto de Keating/O'Connor. Por tanto, os fragmentos copiados e traducidos por Hervás non proviñan dun manuscrito medieval, como el dicía, senón dunha adaptación feita por Vallancey a partir da tradución inglesa dun texto composto en gaélico a comezos do século XVII²⁵. Cómpre dicir que o xesuíta mencionou tamén *The General History of Ireland* de Keating/O'Connor en calidade de fonte de información sobre Brath, Breogán ou Milidh. Emporiso, o texto que el seguiu e traduciu foi a versión de Vallancey, non a de Keating/O'Connor. O certo é que non podemos estar seguros de se o abade de Horcajo manexou realmente *The General History of Ireland* ou se só a citou a xeito de referencia de apoio.

Para rematar, o último aspecto que quero analizar aquí atinxe ao tratamento específico da figura de Breogán. A primeira vez que aparece o personaxe nos seus escritos é no

24 *Saggio pratico delle Lingue* (pp. 45, 50-51); *Catálogo IV* (pp. 197-203); *Catálogo VI* (pp. 119-123). Cf. Vallancey, *A Vindication of the Ancient History of Ireland* (1786, pp. 291-294, 299-301).

25 Vallancey, *A Vindication of the Ancient History of Ireland* (pp. 291-294, 299-301). O texto contido nesas páxinas de Vallancey, nas que se daba conta da historia dos gaélicos dende Brath até a morte de Ith, dependía da narración dos mesmos feitos recollida en *The General History of Ireland* (1723, pp. 41-46 na edición de Dublin). Verbo da obra orixinal de Keating, *Foras Feasa ar Éirinn*, e das súas traducións, véxase CUNNINGHAM (2000) e Ó CATHÁIN (1987).

Catalogo delle lingue conosciute, publicado en 1784, é dicir, dous anos antes de saír do prelo *A Vindication of the Ancient History of Ireland* de Vallancey. No *Catalogo delle lingue conosciute* había dúas mencións a Breogán, aínda que a caracterización do personaxe resultaba en parte contradictoria²⁶. Na primeira cita presentábase como esposo da exipcia Scota e antepasado da colonia irlandesa que marchou de España a Éire. Isto último repetíase na segunda referencia a el, mais nesa ocasión Breogán xa non era o marido de Scota, senón o pai do esposo desta. A procedencia destas informacións é descoñecida, pois en ningunha versión da lenda de Breogán este era o esposo ou o sogro de Scota, nin aparecía como tal nos libros aos que tiña acceso Hervás. Talvez esa caracterización foi unha confusión do propio xesuíta ou dalgún dos seus informantes (o abade O’Conor?). Posteriormente, no *Saggio pratico delle Lingue* e nos volumes IV e VI do *Catálogo de las lenguas de las naciones conocidas*, xa tivo acceso a *A Vindication of the Ancient History of Ireland* e de alí obtivo os pormenores relativos a Breogán. Con todo, analizando polo miúdo o tratamento deste personaxe obsérvanse diferenzas entre o relato ofrecido por Hervás e a versión gaélica tradicional. Unhas diferenzas que se debían tanto á fonte de información empregada –o libro de Vallancey– como á pluma do abade de Horcajo.

A primeira particularidade do relato de Hervás é a total ausencia de referencias a unha torre mandada erixir por Breogán na cidade de Brigantia. Lembremos que no *Lebor Gabála* se dicía que dende o alto desa torre o fillo de Breogán, Ith, dexergou a illa de Irlanda nun serán invernal. A falla deste elemento tan característico da lenda irlandesa explícase sen dúbida pola súa ausencia na fonte de información usada por Hervás, é dicir, *A Vindication of the Ancient History of Ireland* de Charles Vallancey. A torre tampouco aparecía na tradución de Keating que seguira Vallancey, aínda que si estaba presente na obra orixinal en gaélico, *Foras Feasa ar Éirinn*. Alí afirmábase que Breogán fixera construír a torre nun sitio chamado Cruinne que estaba preto de Brigansia. E máis adiante especificábase que a torre de Breogán estaba en “Galicia”. Hai que destacar que esta era a primeira vez na historiografía irlandesa que se localizaban expresamente en chan galego eses lugares e acontecementos. Mais era tamén a primeira vez que se mencionaba Cruinne, ou A Coruña, pois o relato transmitido polo *Lebor Gabála* falaba só da cidade de Brigantia fundada por Breogán. Non obstante, malia facer mención da torre, Keating negou que os gaélicos coñecesen a existencia de Irlanda grazas a que un día Ith albiscou a illa dende a torre, talvez porque este autor tiña a intención de eliminar da narración histórica aqueles elementos menos críbeis. En troques asegurou que os contactos entre España e Irlanda existiran dende moito tempo atrás²⁷. E esta foi a mesma explicación que adoptou Vallancey seguindo a tradución inglesa da obra de Keating, na cal o tradutor suprimira as referencias á torre. Enténdese así que o motivo da torre puidese desaparecer en Vallancey, e por tanto tamén nos escritos de Hervás que seguiron literalmente o texto de Vallancey.

A segunda peculiaridade da versión de Hervás era que nela a fundación de Brigantia se atribuíu a Brath, sendo o habitual na tradición gaélica asignala ao seu fillo Breogán.

26 *Catalogo delle lingue conosciute* (pp. 177, 224-225).

27 Keating, *Foras Feasa ar Éirinn* I (§§ 580-615, 755-780). Sigo a edición e tradución de Patrick S. Dinneen, *The History of Ireland by Geoffrey Keating*, 2ª parte (1987, pp. 38-41, 50-51; 1ª ed. 1908).

Neste caso a responsabilidade da diverxencia era exclusivamente do xesuíta, quen interpretou mal unha pasaxe do texto de Vallancey (certamente algo ambigua) na que se falaba da construción dunha cidade chamada Breogan preto de Cruine. Hervás, por mediación de Vallancey, aceptou a novidade transmitida por Keating de diferenciar entre a cidade de Brigansia/Breogan/Brigantia e a de Cruinne. No momento de identificalas o erudito conquense equiparou Cruinne coa Coruña, namentres que nalgúns ocasións identificou Brigantia con Betanzos e outras coa mesma Coruña. Máis interesante resulta a súa tentativa de atopar no idioma irlandés a etimoloxía do nome de Breogán, que quixo explicar como un composto de dúas palabras: *breo-gann*, “pequena chama”, quizais un apelativo alegórico que simbolizaba, segundo el, “la fogosidad del ánimo en las personas”. De acordo con esta explicación, da forma orixinal Breogán derivarían despois as denominacións de Brigantia e brigantes, nomes que Hervás non quixo relacionar con *briga*, pois para el esta era unha voz éuscara. De todos os xeitos, esa interpretación dos nomes de Brigantia e brigantes a partir de Breogán ou *breo-gann* contradiciábase con outras explicacións alternativas ofrecidas en distintos lugares da súa extensa produción erudita²⁸.

A última diferenza ten que ver coa maneira de imaxinar as relacións de parentesco entre Breogán e os outros personaxes da lenda. Tradicionalmente víñase considerando que Breogán era o pai de Ith e o avó de Milidh. Seguindo a lenda, Hervás tamén fixo de Milidh o neto de Breogán. Mais converteu a Ith en neto de Breogán ou ben en neto de Milidh, reformulando así estrañamente a xenealoxía tradicional. Nesta ocasión de novo foi el o causante da diverxencia. Aquí non é preciso entrar en moitos detalles. Abonda con dicir que a modificación tivo por obxectivo facer encaixar as diferentes pezas dos seus cálculos cronolóxicos relativos ao asentamento dos celtas irlandeses en terras galegas e á súa migración posterior a Irlanda.

Finalizo este apartado dicindo que a pesar de ser Hervás o primeiro autor español que falou do personaxe de Breogán e que o incluíu, con outros protagonistas da tradición gaélica, dentro dun relato histórico acerca do poboamento céltico da Península Ibérica, a relevancia desa figura lendaria foi escasa ao facer del pouco máis ca un simple nome desprovisto dunha traxectoria vital que o relacionase con certos lugares e acontecementos (Brigantia e a torre). Nisto o xesuíta estivo condicionado pola posición secundaria que Breogán ocupaba dentro da tradición irlandesa e na fonte de información en que se baseou (Vallancey). Ademais el tampouco estivo interesado en darlle protagonismo. Por outra parte, incluso coas modificacións comentadas nos parágrafos anteriores, a caracterización de Breogán na obra de Hervás non se afastou demasiado da que lle era propia en Irlanda. Haberá que agardar a que os intelectuais galeguistas da época contemporánea recollan o personaxe e o convertan no símbolo dunha Galiza celta, para que Breogán adquira unha nova caracterización moi diferente da que lle reservara a historia lendaria dos gaélicos.

28 *Catálogo IV* (pp. 199-200); *Catálogo VI* (pp. 123-124).

CONSIDERACIÓNS FINAIS

Non hai dúbida de que o interese de Hervás polo pasado celta permite considerarmos o xesuíta como un protagonista sobranceiro do celtismo hispánico. Mesmo poderíamos ver nel o primeiro celtista español, por mor do coñecemento que tivo das falas célticas actuais e polo emprego da lingua irlandesa a modo de ferramenta para identificar e interpretar unha parte da antiga onomástica celta. No que atinxe especificamente ás opinións de Hervás respecto da presenza dos celtas en chan galaico, unha posíbel lectura sería ollarmos nelas un discurso precursor do celtismo galego contemporáneo, dada a relativa coincidencia entre as súas opinións e as premisas que caracterizaron o noso celtismo a partir do século XIX. É verdade que el se mostrou convencido do asentamento dos celtas no territorio galego, cando menos naquelas partes do litoral abrangidas entre a desembocadura do Miño e o cabo Ortegal. Outra coincidencia foi que tirou partido das lendas irlandesas para imaxinar o paso dos celtas galaicos a Éire, e por tanto para confirmar a existencia de antigas relacións entre Galiza e Irlanda, dúas ideas nas que incidiron a maior parte dos celtistas galegos, dende José Vereá Aguiar até Vicente Risco. Ademais, como en Hervás, tamén serán trazos definidores do celtismo posterior o recurso aos datos lingüísticos e a vontade de sinalar a pegada deixada polo antigo idioma céltico na toponimia e na lingua galegas.

Cómpre admitir que o recoñecemento dun antigo poboamento céltico na Galiza, así como a identificación de testemuños lingüísticos celtas, son ideas que xa atopamos no século XVIII en Sarmiento e en Cornide, aínda que foron expresadas en traballos que non saíron do prelo. Xustamente unha parte da relevancia das manifestacións celtistas de Hervás reside en que estaban contidas en obras publicadas e que eran coñecidas nos círculos eruditos de España (o *Catálogo de las lenguas de las naciones conocidas*) e de Europa (a *Idea dell'Universo*).

Un exame atento das opinións do abade de Horcajo verbo dos celtas galaicos revela, porén, unha diferenza fundamental entre elas e o celtismo galego contemporáneo. Pois Hervás nunca creu nos dous axiomas principais deste: primeiro, que a poboación galega actual descendía dos celtas do pasado; e segundo, que esa descendencia céltica explicaba e lexitimaba o feito diferencial galego. Pola contra, as ideas que nos transmite de xeito constante o xesuíta ao longo da súa obra son que os actuais habitantes da península tiñan a súa orixe nos primeiros poboadores do territorio, os iberos; e que os celtas eran xentes foráneas que ocuparon algunhas das rexións habitadas polos iberos, aínda que estes maioritariamente continuaron vivindo nos mesmos lugares. Así aconteceu no caso do noroeste peninsular, onde os celtas non foron quen de os expulsar. En troques, a marcha da maioría dos celtas galaicos a Irlanda supuxo que os aborixes volveron ter o control total desas terras, pois os celtas que ficaron nelas acabarían confundíndose cos iberos. Só unha parte da toponimia, e a herdanza dunha fonética céltica en Portugal e na Galiza, daban testemuño de que os celtas viviran noutrora no espazo galaico. Moi diferente foi a situación en Francia, Gran Bretaña e Irlanda, onde a xente actual si que era en gran medida descendente dos celtas. Xa que logo, no que atinxía a Galiza e a España, o celtismo de Hervás estivo desprovisto dunha dimensión identitaria, ao mesmo tempo que o peso

do vasco-iberismo na súa obra tiña unha clara inspiración ideolóxica que se traducía no desexo de demostrar a existencia inmemorial e a unidade étnica da nación española.

Do devandito dedúcese ademais que o seu tratamento da lenda de Breogán tivo de ser forzosamente moi diferente do uso identitario que foi propio do celtismo galego contemporáneo, comezando con Manuel Murguía. Testemuño desa diferenza é que en ningunha ocasión Hervás cualificou a Breogán de “galego” ou de “español” e que asemade insistiu en que foron os celtas quen poboaron Irlanda dende Galiza, non os iberos ou españois. Alén diso, non parece posíbel demostrar que os autores galegos que falaban das antigas relacións entre Galiza e Irlanda, e que mencionaron a Breogán, estivesen familiarizados co que deixara escrito Hervás sobre o tema, a pesar de que o *Catálogo de las lenguas de las naciones conocidas* debía ser unha obra coñecida e accesíbel no século XIX. Diversas foron as fontes de información mediante as cales os celtistas galegos coñeceron a tradición irlandesa, mais os escritos do xesuíta mencionados neste artigo non se contaron entre elas. Unha fonte de información que si empregaron foi o libro titulado *Ibernia Phœnicea* (1831), escrito en latín polo abade Joaquín Lorenzo Villanueva. Este curioso libro foi unha das obras de referencia que usaron Manuel Murguía e Benito Vicetto para inserir o personaxe de Breogán dentro do noso pasado. Curiosamente, Villanueva destacara por ser un antagonista implacábel de Hervás, aínda que el, ao igual có erudito de Horcajo, tamén se deixou engaiolar polas lendas irlandesas e polas teorías orientalistas de Charles Vallancey. Que Murguía e Vicetto se inspirasen nesa obra para converter a Breogán nun celta galaico non deixa de ser un paradoxo, tendo en conta que nela Villanueva negou a existencia histórica do personaxe e que ademais converteu os brigantes hispanos que poboaron Éire en xentes ibero-fenicias, non en celtas²⁹.

Hai que concluír, xa que logo, que as opinións de Hervás acerca do poboamento céltico da Galiza gardan pouca relación coa tradición celtista galega. Non se inspiraban no celtismo de Sarmiento nin no de Cornide, que o xesuíta descoñeceu. Nin poden ser consideradas precursoras do noso celtismo contemporáneo, pois nelas faltaba a idea da celticidade da poboación galega. E tampouco contribuíron a facer de Breogán unha figura presente na nosa historia e na nosa identidade, por non acharen eco en autores posteriores. Mais dende a perspectiva da Historia do celtismo son opinións que teñen un grande interese ao ser testemuño da configuración dun celtismo que estaba artellado ao redor dunha caracterización dos celtas baseada parcialmente nos datos lingüísticos. Ademais, no que a Galiza se refire, posúen unha significación especial debido ao vencello creado entre ela e os celtas irlandeses, a pesar de que para o xesuíta conquense os galegos eran unha parte da nación ibero-española, e non a *nazón de Breogán* imaxinada polos nosos celtistas.

29 Villanueva, *Ibernia Phœnicia* (1831, pp. 48-54). O orientalismo de Villanueva, moito máis intenso có de Hervás, respondía á popularidade desas teorías entre os círculos anticuaristas irlandeses durante a primeira metade do século XIX. Consúltese LEERSEN (1997, pp. 68-156); LENNON (2004, pp. 102-114, 130-139).

BIBLIOGRAFÍA

- ASTORGANO ABAJO, A. 2002/2004. “Hervás, apologista del eusquera como lengua primitiva de España en sus contextos fuerista y vasco-iberista”, *Archivo de Filología Aragonesa*, 59-60/1, pp. 169-195.
- BATLLORI, M. 1966. *La cultura hispano-italiana de los jesuitas expulsos*. Madrid.
- BONFANTE, G. 1956a. “A Contribution to the History of Celtology”, *Celtica*, 3, pp. 17-34.
- BONFANTE, G. 1956b. “Some Renaissance texts on the Celtic languages and their kinship”, *Études Celtiques*, 7, pp. 414-427.
- BREVA-CLARAMONTE, M. 1991. “Las ideas lingüísticas del siglo XVIII en Lorenzo Hervás: la descripción de las lenguas del mundo”, *Anuario del Seminario de Filología Vasca “Julio de Urquijo”*, 25/3, pp. 769-781.
- BREVA-CLARAMONTE, M. 2004. “Contexto epistemológico y modelo doctrinal de las ideas lingüísticas de Lorenzo Hervás (1735-1809)”, *Revista Española de Lingüística*, 34/1, pp. 39-68.
- COLLIS, J. 2003. *The Celts. Origins, Myths & Inventions*. Stroud.
- COSERIU, E. 1978. “Lo que se dice de Hervás”. En *Estudios ofrecidos a Emilio Alarcos Llorach con motivo de sus XXV años de docencia en la Universidad de Oviedo. Vol. 3*. Oviedo, pp. 35-58.
- CUNNINGHAM, B. 2000. *The world of Geoffrey Keating. History, myth and religion in seventeenth-century Ireland*. Dublin.
- DROIXHE, D. 1978. *La linguistique et l'appel de l'histoire (1600-1800). Rationalisme et révolutions positivistes*. Genève.
- DROIXHE, D. 1996. “Ossian, Hermann and the jew's-harp. Images of the Celtic languages from 1600 to 1800”. En T. BROWN (ed.). *Celticism*. Amsterdam, pp. 21-33.
- DROIXHE, D. 2002. *L'Étymon des dieux. Mythologie gauloise, archéologie et linguistique à l'âge classique*. Genève.
- FERGUSON, W. 1998. *The Identity of the Scottish Nation. An Historic Quest*. Edinburgh.
- GÓMEZ FRAILE, J. M^a. 1996. “Aproximación a la tradición historiográfica española, anterior al s. XX, acerca del concepto de Celtiberia”, *Kalathos*, 15, pp. 19-33.
- GRELL, Ch. 1995. *Le dix-huitième siècle et l'Antiquité en France, 1680-1789*. Oxford.
- HOZ, J. de 2004. “The Celtic Studies of Lorenzo Hervás in the context of the Linguistics of his Time”. En J. H. W. PENNEY (ed.). *Indo-European Perspectives. Studies in Honour of Anna Morpurgo Davies*. Oxford, pp. 565-576.
- LAMBERT, P.-Y. 1987. “Les premières grammaires celtiques”, *Histoire Épistémologie Langage*, 9/1, pp. 13-45.
- LEERSEN, J. Th. 1986. “On the edge of Europe: Ireland in search of oriental roots, 1650-1850”, *Comparative Criticism*, 8, pp. 91-112.
- LEERSEN, J. Th. 1997. *Remembrance and Imagination. Patterns in the Historical and Literary Representation of Ireland in the Nineteenth Century*. Indiana.
- LENNON, J. 2004. *Irish Orientalism. A Literary and Intellectual History*. New York.
- LENNON, J. 2005. “Antiquarianism and Abduction: Charles Vallancey as Harbinger of Indo-European Linguistics”, *The European Legacy*, 10/1, pp. 5-20.
- MAS, R. 1990. “Recherches sur les Gaulois et sentiment national en France au XVIIIe siècle”. En Ch. GRELL e J. M. DUFAYS (eds.). *Pratiques et concepts de l'Histoire en Europe, XVIe-XVIIIe siècles*. Paris, pp. 161-221.
- MORGAN, P. 1973/1974. “Boxhorn, Leibniz, and the Welsh”, *Studia Celtica*, 8/9, pp. 220-228.
- MORSE, M. A. 2005. *How the Celts came to Britain. Druids, Ancient Skulls and the Birth of Archaeology*. Stroud.
- O'CATHÁIN, D. 1987. “Dermot O'Connor, Translator of Keating”, *Eighteenth-Century Ireland*, 2, pp. 67-87.
- O' HALLORAN, C. 2004. *Golden Ages and Barbarous Nations. Antiquarian Debate and Cultural Politics in Ireland, c. 1750-1800*. Cork.

- PENSADO, J. L. 1991. "El descubrimiento de «Breogán»". En *Galicia en su lengua y sus gentes (Ensayos)*. A Coruña, pp. 327-329.
- PEREIRA GONZÁLEZ, F. 2003. "Primeiras referencias aos celtas na historiografía galega", *Gallæcia*, 22, pp. 441-469.
- PEREIRA GONZÁLEZ, F. 2004. "O celtismo na historiografía galega do século XVIII", *Gallæcia*, 23, pp. 221-249.
- PEREIRA GONZÁLEZ, F. 2005. "As relacións Galiza-Irlanda na historiografía (séculos XVI-XVIII)", *Gallæcia*, 24, pp. 281-307.
- PEREIRA GONZÁLEZ, F. 2006. "Lendas medievais sobre a orixe dos irlandeses", *Gallæcia*, 25, pp. 401-426.
- POPPE, E. 1986. "Leibniz and Eckhart on the Irish language", *Eighteenth-Century Ireland*, 1, pp. 65-84.
- POPPE, E. 1992. "The Celtic Languages in Conrad Gessner's *Mithridates* (1555)", *Zeitschrift für Celtische Philologie*, 45, pp. 240-250.
- RIO, J. 2000. *Mythes fondateurs de la Bretagne. Aux origines de la celtomanie*. Rennes.
- RIO, J. 2008. "Naissance du celtisme en France et en Grande-Bretagne du XVIe au XVIIIe siècle". En J. RIO (dir.). *Mémoire, oralité, culture dans les Pays Celtiques*. Rennes, pp. 113-133.
- SNYDER, E. D. 1923. *The Celtic Revival in English Literature, 1760-1800*. Cambridge, Massachusetts.
- SWEET, R. 2004. *Antiquaries. The Discovery of the Past in Eighteenth-Century Britain*. London.
- TOURNEUR, V. 1905. *Esquisse d'une histoire des études celtiques*. Liège.
- TOVAR, A. 1986a. "Lorenzo Hervás y la lingüística histórica". En J. BUSTAMANTE (ed.). *El lingüista español Lorenzo Hervás*. Madrid, pp. 21-28.
- TOVAR, A. 1986b. "Vasco e ibérico en Lorenzo Hervás y W. von Humboldt". En *ibidem*, pp. 29-37.
- TOVAR, A. 1986c. "Lorenzo Hervás en la víspera del descubrimiento del indoeuropeo". En *ibidem*, pp. 38-46.
- TOVAR, A. 1986d. "Hervás como estudioso de las lenguas célticas". En *ibidem*, pp. 47-55.
- TOVAR, A. 2007. *Mitología e ideología sobre la lengua vasca*. Donostia [1ª edición, 1980].
- WILLIAMS, G. J. 1973/1974. "The History of Welsh Scholarship", *Studia Celtica*, 8/9, pp. 195-219.